

Sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local do 17 de xaneiro de 2018

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:

Yolanda Bouzas Alfonsín.
José Luis Sampredo Bouzas.
José Pedro Cambón Fernández.
Francisco Javier Blanco Sánchez.

Na Alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 13.00 horas do 17 de xaneiro de 2018, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste concello que se relacionan, para celebraren sesión extraordinaria.

Preside o señor alcalde José Luis García García e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º.- Acta anterior correspondente ao día 21 de decembro de 2017.
- 2º.- Comunicaci3ns previas (obras menores).
- 3º.- Licenzas de obra menor.
- 4º.- Licenzas de obra maior.
- 5º.- Licenza de segregaci3n.
- 6º.- Renuncia a licenza de obra maior.
- 7º.- Aceptaci3n de cesi3n de terreos.

PRIMEIRO.- ACTA ANTERIOR CORRESPONDENTE AO DÍA 21 DE DECEMBRO DE 2017.

Ac3rdase por unanimidade a aprobaci3n da acta da xunta anterior do d3a 21 de decembro de 2017.

SEGUNDO.- COMUNICACI3NS PREVIAS (OBRAS MENORES).

a) Deuse conta dunha comunicaci3n previa asinada por ADRIAN BLANCO VAAMONDE, con domicilio en Soigrexha 16, Bastavales, na que comunica que vai construír un alpendre de 50 m², con bloques de formig3n e cuberta de uralita e tella, en Bemil 15, Bastavales.

A parcela onde se pretenden executar as obras at3pase dentro da 3rea de solo de n3cleo rural da zona leste en 3rea non consolidada pola edificaci3n, s3ndolle de aplicaci3n a ordenanza n38 (NRL-2), do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, 3 vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa condici3n de que os bloques de formig3n sexan convenientemente revestidos e pintados.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

b) Deuse conta dunha comunicaci3n previa asinada por CASTORA NIETO ORO, con domicilio en Guisande 10, Os 3nxeles, na que comunica que vai realizar obras de encintado de parte da fachada e colocaci3n de baldosas no acceso 3 vivenda de Guisande 10, Os 3nxeles.

A parcela onde se pretenden executar as obras at3pase dentro do 3mbito de solo clasificado como solo de n3cleo rural da zona leste en 3rea consolidada pola edificaci3n, s3ndolle de aplicaci3n a ordenanza n38 (NRL-1) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, 3 vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa condici3n de que o encintado sexa pintado en cores claras e non se invada o espazo p3blico coa pavimentaci3n solicitada.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por CONSUELO MARTINEZ SALGUEIRO, con domicilio en Guisande 20, Os Ánxeles, na que comunica que vai reparar a cuberta da vivenda de Guisande 20, Os Ánxeles, substituíndo as tellas vellas por outras novas.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro do ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural da zona leste en área consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 (NRL-1) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, e do escrito do Servizo de Patrimonio Cultural, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de data 18/12/2017 (expediente 2416/17), na que comunica que as obras solicitadas non precisan autorización previa en materia de patrimonio cultural toda vez que non se poñen en risco os valores culturais protexidos, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSE MANUEL CASTAÑEDA FERREIRA, con domicilio en Soigrex 17, Os Ánxeles, na que comunica que vai realizar obras de colocación dunha cubrición da piscina, de 4x2 metros, en Soigrex 17, Os Ánxeles.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo urbano (UC-1) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por María del Carmen Blanco Varela, que di actuar en representación da COMUNIDADE DE PROPIETARIOS MONTE DEVESA, con domicilio en Urb. Devesa 29, Os Ánxeles, na que comunica que vai realizar labores de reparación da depuradora da piscina da Urb. Monte Devesa, Os Ánxeles. Trátase de obras de escasa entidade para garantir as condicións de estanquidade que non afectan á configuración arquitectónica da envolvente da edificación, nin á estrutura e instalacións.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo de núcleo urbano (UC3).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

f) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por DOLORES FERREIRO VAZQUEZ, con domicilio no Casal 11, Brión, na que comunica que vai construír un peche no lateral da finca con referencia catastral 5153107NH2455S0001UA, con bloques de formigón, postes e arame, no Casal, Brión.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo de núcleo rural da zona leste en área consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 (NRL-1) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A altura máxima da parte opaca do muro será de 1,20 metros e a altura total do peche, medida desde a rasante natural do terreo, será de 1,80 m.

- Os bloques de formigón quedarán convenientemente revestidos e pintados.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

g) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por RUBEN DIEGUEZ GALEGO, con domicilio na Urb. Balado 10, baixo C, Os Ánxeles, na que comunica que vai realizar obras na vivenda da Urb. Monte Devesa 19, Os Ánxeles, consistentes no cambio das fiestras e do chan da cociña.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo de núcleo urbano (UC3).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

h) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARIA DEL CARMEN VILANOVA VAZQUEZ, con domicilio en Castrón Douro 49, 1º, Santiago, na que comunica que vai construír un alpendre anexo á vivenda da Avd. Santa Minia 58, Brión, para gardar leña, cuberto con uralita e tella, sen cerramento lateral e de 40 m² de superficie.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo de núcleo urbano (UC1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa condición de que se está arimada á edificación principal o debe de estar pola súa traseira; tamén poderá ser illada ou situarse no lindeiro da parcela (sen prexuízo de terceiros).

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

i) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por SANDRA PATRICIA PENA MUIÑOS, con domicilio en Chave de Ponte 44, Bastavales, na que comunica que vai ampliar o porche existente, pasando de 8 m² a 28,8 m² (6 x 4,80 m), en Chave de Ponte 44, Bastavales.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo de núcleo rural da zona leste (NRL-1), séndolle de aplicación a ordenanza nº8, para as áreas consolidadas pola edificación.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe desfavorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e non autorizar as obras, posto que a edificabilidade máxima da parcela se atopa esgotada e non é posible a ampliación solicitada.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

TERCEIRO.- LICENZAS DE OBRA MENOR.

a) Deuse conta dunha instancia asinada por José Antonio Fernández Amaro, que di actuar en representación de UNION FENOSA DISTRIBUCION S.A, con domicilio en Avd. de Arteixo 171, A Coruña, na que solicita licenza para obras de subministro de enerxía eléctrica para unha vivenda, mediante rede de baixa tensión subterránea, desde o centro de transformación ata a CPM do peticionario, nunha lonxitude de 71 metros, no lugar de Vilas, Bastavales, segundo proxecto asinado polo enxeñeiro industrial Miguel Ángel Bernal López, expediente número UD218317090248.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo de núcleo rural da zona leste, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM, para as áreas non consolidadas pola edificación.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

- Como garantía, imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 373,10 €, que deberá presentar no concello, con anterioridade á expedición da licenza.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

b) Deuse conta dunha instancia asinada por José Antonio Fernández Amaro, que di actuar en representación de UNION FENOSA DISTRIBUCION S.A, con domicilio en Avd. de Arteixo 171, A Coruña, na que solicita licenza para obras de subministro de enerxía eléctrica, mediante obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión desde o condutor RZ25 existente ata a ubicación do CPM do peticionario, nunha lonxitude de 26 metros, no lugar de Mourentáns, Viceso, segundo proxecto asinado polo enxeñeiro industrial Miguel Ángel Bernal López, con visado núm. 20173174, do 07.12.2017.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

- Como garantía, imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 118,96 €, que deberá presentar no concello, con anterioridade á expedición da licenza.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

CUARTO.- LICENZAS DE OBRA MAIOR

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Luís Iglesias Villar, que di actuar en representación de ENMANUEL LAZARO PEREZ e BEATRIZ GARCIA MENDEZ, con domicilio en Piñeiro 1, Os Ánxeles, de solicitude de licenza para construír unha vivenda unifamiliar, edificación complementaria e piscina, en Piñeiro 41, Os Ánxeles, segundo proxecto básico e de execución redactado polos arquitectos Salgado e Liñares, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 25/08/2017 e documentación complementaria presentada o 11/01/2018 (r.e. 130).

A parcela onde se pretenden executar as obras (referencia catastral 6343802NH2464S0001UZ) atópase clasificada como solo de núcleo rural para áreas non consolidadas pola edificación (NRL-2), séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, acorda por unanimidade, conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

-. A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto básico e de execución redactado polos arquitectos Salgado e Liñares, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 25/08/2017 e documentación complementaria presentada o 11/01/2018 (r.e. 130).

-. Como garantía da urbanización do espazo de cesión que implica a pavimentación dese espazo e a execución das conexións coas redes de servizo existente no núcleo (abastecemento, saneamento, pluviais e alumeadado público), imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 900,00 €, que o interesado deberá presentar no concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.

-. Esta licenza non é válida para a execución dos muros de peche de parcela, co cal, haberá de realizarse unha nova solicitude de licenza a tales efectos.

-. Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

-. Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

-. Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

-. Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.

- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

- Unha vez rematadas as obras deberá solicitar a correspondente licenza de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 42.1 da Lei 8/2012 de vivenda de Galicia e artigo 142.2.g) da Lei 2/2016 do solo de Galicia).

Asemade, acórdase tamén por unanimidade, consonte co informe da arquitecta municipal, a aceptación da cesión efectuada de 205,52 m² para ampliación de viais, previstos no artigo 24.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 15 de xaneiro de 2018. Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

QUINTO.- LICENZA DE SEGREGACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por SERAFIN CAMPOS PEREIRA, con domicilio en Corpachón 2, Negreira, na que solicita licenza de segregación segundo proxecto redactado polo enxeñeiro agrónomo Jesús Francisco Nieto Pais, visado no Colexio Oficial de Enxeñeiros Agrónomos de Galicia, visado núm. 13695, do 20/07/2017 e documentación complementaria presentada o 05/12/2017 (r.e.5012).

Descrición da parcela matriz:

Referencia catastral: 5848303NH2454N0001FO e 15013A034004300000UT.

Superficie segundo medición recente: 2061 m².

Clasificación urbanística: Ten dúas: solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-1)(1.165 m²), e solo rústico de protección agropecuaria (896 m²).

Lindes:

Norte: estrada AC-543.

Sur: varias propiedades privadas.

Leste: herdeiros de Amalia Pereira Vázquez.

Oeste: herdeiros de Concepción Fresco Manteiga.

Sobre esta parcela aséntase unha edificación sinalada co número 24 de Liñares, de dúas plantas, que ocupa 49 m² por planta e que ten adosado un almacén de planta baixa polo lado oeste de 37 m² en planta.

Segregación pretendida:

Finca 1:

Superficie: 553 m².

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural (NRL-1).

Lindes:

Norte: estrada.

Sur: finca 2 procedente desta segregación.

Leste: finca 2 procedente desta segregación.

Oeste: herdeiros de Concepción Fresco Manteiga.

Finca 2:

Superficie: 1.508 m².

Clasificación urbanística: 612 m² en solo de núcleo rural (NRL-1) e 896 m² en solo rústico de protección agropecuaria.

Lindes:

Norte: estrada.

Sur: testas de varios.

Leste: herdeiros de Amalia Pereira Vázquez.

Oeste: finca 1 procedente desta segregación e herdeiros de Concepción Fresco Manteiga.

Sobre esta parcela aséntase unha edificación sinalada co número 24 de Liñares, de dúas plantas, que ocupa 49 m² por planta e que ten adosado un almacén de planta baixa polo lado oeste de 37 m² en planta.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, acorda por unanimidade, autorizar a segregación referenciada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

SEXTO.- RENUNCIA A LICENZA DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por DIEGO MARTINEZ ABEIJON, con domicilio en Polígono da Picaraña, naves 24-25, Padrón, na que comunica ao concello a renuncia á licenza de obra maior concedida pola Xunta de Goberno Local o 23/06/2016, para construír unha vivenda unifamiliar en Bemil 35, Bastavales. A Xunta de Goberno Local, visto o informe emitido pola arquitecta municipal no que se sinala que en Bemil 35, Bastavales, non se iniciaron as obras para as que se concedeu a licenza, por unanimidade acorda:

1º) Tomar coñecemento da renuncia efectuada deixando sen efecto o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local o 23/06/2016.

2º) Que se proceda pola alcaldía á tramitación da devolución do ICIO e da fianza do expediente, previo informe de intervención.

3º) Notificar o presente acordo ao interesado.

SÉTIMO.- ACEPTACIÓN DE CESIÓN DE TERREOS.

a) Vista o escrito presentado por JAVIER PAIS RODRIGUEZ, con domicilio en Chacín 7, Mazaricos, solicitando a aceptación da cesión efectuada no Documento administrativo de cesión de viais no solo de núcleo rural, por requirirlllo o Rexistro da Propiedade de Negreira.

1.- Resultando que a Xunta de Goberno Local do concello en sesión do 29/12/2015 adoptou o seguinte acordo:

“TERCEIRO.- LICENZA DE OBRA MAIOR.

Deuse conta dunha instancia presentada por JAVIER PAIS RODRIGUEZ, con domicilio en Chacín nº 7, Mazaricos, na que solicita licenza de obra para construír unha vivenda unifamiliar en Bemil 34, Bastavales, segundo proxecto básico e de execución redactado pola arquitecta Rosa María Facal Varela, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 21/10/2015 e documentación complementaria visada o 06/11/2015.

A parcela onde se pretenden executar as obras, atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación (NRO-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos polo arquitecto municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro e sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

- A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado pola arquitecta Rosa María Facal Varela, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 21/10/2015 e documentación complementaria visada o 06/11/2015.

- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións, serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas, en calidade de promotor das

obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 197.1 da LOUGA: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra desde a concesión da licenza.

- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao concello mediante a oportuna folia de encargo, tamén visada. De non cumprirse este encargo, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

- Durante a execución da obra adoptará todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

- Como garantía da execución das obras de urbanización, imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 900,00 €, que deberá presentar no concello con carácter previo á expedición da licenza.

- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

- Esta licenza non é válida para a execución dos muros de peche de parcela, co cal, haberá de realizarse unha nova solicitude de licenza a tales efectos.

Asemade, acórdase tamén por unanimidade, a aceptación de 43,21 m² para ampliación de viais, previstos no artigo 171 da Lei 9/2002, 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 23 de decembro de 2015.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais. ""

2-. Resultando que a Xunta de Goberno Local do concello en sesión do 07/06/2017 adoptou o seguinte acordo:

""QUINTO.- MODIFICACIÓN DE LICENZA DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por JAVIER PAIS RODRIGUEZ, con domicilio en Chacín 7, Mazaricos, na que solicita modificación da licenza concedida en Xunta de Goberno Local o 29/12/2015, para construír unha vivenda unifamiliar en Bemil 34, Bastavales, que consiste na ampliación da superficie de cesión de 43,21 m² a 116,00 m², segundo plano de emprazamento presentado no Concello o 29/05/2017 (r.e.2311), asinado pola arquitecta autora do proxecto de execución da obra Rosa M. Facal Varela.

Esta ampliación é debida a que no documento administrativo de cesión e no plano de emprazamento foi mal grafada a parcela de superficie bruta de 981 m², correspondéndose realmente coa parcela neta do plano de segregación, polo que foi asinada unha cesión de 43,21 m², inferior á recollida no proxecto de segregación.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, acorda por unanimidade modificar a licenza concedida pola Xunta de Goberno Local o 29/12/2015, no senso de aceptar unha cesión de 116 m² para ampliación de viais en lugar dos 43,21 m² que figuraban anteriormente, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais."

Visto o informe do asesor xurídico urbanístico do concello de data 09/01/2018 no que se informa favorablemente a aceptación da cesión dos terreos.

Á vista do exposto e aos efectos de regularizar no Rexistro da Propiedade as cesións dos terreos situados fóra das aliñacións previstas polo planeamento, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:



1º) Aceptar a cesión dos terreos situados fóra das aliñacións establecidas polo planeamento destinada a apertura ou regularización do viario preciso correspondente a 116,00 m2 da parcela sita en Bemil 34, Bastavales, Brión, formalizada polo documento administrativo de cesión de viais no solo de núcleo rural o día 07/06/2017, aos efectos de complementar o título para a inscrición no Rexistro da Propiedade de conformidade co previsto polos artigos 30.2 e 31 do Real Decreto 1093/1997, de 4 de xullo, polo que se aproban as normas complementarias ao Regulamento para a execución da Lei hipotecaria sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística.

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e efectos.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as 13,20 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

José Luis García García

Javier Nieves González